

**Convenio da Universidade da Coruña coa Axencia de Turismo de Galicia para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares do alumnado da Universidade da Coruña.**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido producindo os seus efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha duración de 4 anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto posibilitar que o alumnado das titulacións impartidas na Universidade da Coruña (a partir de agora, a UDC) faga prácticas externas (curriculares e extracurriculares) dentro dos programas de cooperación educativa promovidos pola Axencia de Turismo de Galicia (a partir de agora, a Axencia).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

**Segundo.-** Que ao abeiro do Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario, e do Regulamento de prácticas académicas externas da UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de abril de 2013, e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015, o



29 de setembro de 2015, o 29 de maio de 2018, o 4 de xuño de 2019 e o 3 de novembro de 2022 se establece un convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas (curriculares e extracurriculares)

**Terceiro.-** A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES), pon unha énfase especial en que o alumnado universitario realice prácticas externas en Axencias públicas e privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral ao capacitalo para a súa futura inserción no mercado laboral.

**Cuarto.-** A Axencia de Turismo de Galicia ven colaborando coas tres universidades galegas que imparten estudos en materias relacionadas co sector turístico para a realización de prácticas externas dos seus alumnos en diversas áreas da Axencia de Turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia en colaboración coa Universidade da Coruña, xa desenvolveu con notable éxito, convenios de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas, coa finalidade de facilitar a preparación para o exercicio profesional dos estudantes en áreas operativas da administración turística e as posibles saídas profesionais promovendo así o futuro desenvolvemento profesional e ou acceso ao mercado laboral dous futuros titulados universitarios.

**Quinto.-** Poderá ser beneficiario deste convenio:

- a) O alumnado da UDC matriculado nas titulacións oficiais de grao ou de mestrado universitario que cumpra cos requisitos establecidos.
- b) O alumnado doutras universidades españolas ou estranxeiras que estea a realizar estadias de estudo na UDC en programas de mobilidade académica ou por medio de convenios bilaterais, sempre que as normas que regulen eses programas e convenios ou os regulamentos internos de aplicación non dispoñan outra cousa.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

